

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 19 DE MAIO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regula o contido dos rexistros públicos de profesionais sanitarios e do sistema de información de profesionais sanitarios de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, a área dos castros de Neixón, no termo municipal de Boiro, na provincia da Coruña.
- Decreto polo que se regula a organización do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se crea o Rexistro de centros e entidades de formación para o emprego da Consellería de Traballo e Benestar e se regula o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantías ás entidades colaboradoras ao abeiro da resolución pola que se convoca o proceso de selección de entidades colaboradoras coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica para a xestión de subvencións destinadas ao acceso dos cidadáns a novas conexións á internet, e pola que se aproban as bases reguladoras das devanditas subvencións, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2011 e 2012, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Emerxencias, e Gas Natural Fenosa, sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Emerxencias, e Repsol Butano, S.A., sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.
- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a normalización da información e procedementos dirixidos ao desenvolvemento e adaptación dos sistemas necesarios para facilitar a tramitación e posterior outorgamento telemático das autorizacións de licenzas urbanísticas desde as administracións galegas, cun importe de cento corenta e nove mil cincocentos euros (149.500 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de San Cristovo de Cea, para a pavimentación de varias rúas por importe de douscentos mil euros (200.000,00 euros).

-
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Toén para acondicionamento dunha praza en Moreiras, por importe de cento setenta e seis mil cento oitenta e seis euros con vinte céntimos (176.186,20 euros).
 - Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Gondomar para a execución da obra: “Adecuación da rede de saneamento no Concello de Gondomar. Gondomar (Pontevedra)”, CLAVE OH.336.938, por importe de tres millóns catrocentos noventa mil trescentos catorce euros con trinta un céntimos (3.490.314,31 euros).
 - Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Oia para a execución da obra: “Depósito de abastecemento en Santa María de Oia. Oia (Pontevedra)”, CLAVE OH.236.991, por importe de trescentos cincuenta e sete mil seiscentos dous euros con oitenta e nove céntimos (357.602,89 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e Novacaixagalicia para a capacitación de mozos e mozas galegos no marco das áreas de actuación do Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID) durante os anos 2011-2014, por importe dun millón trescentos trinta mil euros (1.330.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria a establecer un único anticipo do 80% do importe da subvención a cada entidade, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, regulada no convenio de colaboración entre esta consellería a Asociación Clúster do Naval Galego (ACLUNAGA) e a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME), para a certificación da calidade na industria auxiliar naval, por importe de catrocentos mil euros (400.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), para o desenvolvemento dun Plan Piloto de Electromobilidade, consistente na construción de 7 Estacións Multifuncionais de Electromobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia, por importe máximo de dous millóns catrocentos mil euros (2.400.00,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o mantemento da Federación e a promoción de actividades a persoas con discapacidade nas áreas urbanas de Galicia, por un importe total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto "Liña de media tensión aérea ao centro de transformación Radio Pontevedra sobre a que cualifica aos montes veciñais en man común "Castro Senín" e "Castro Lampán" de titularidade das comunidades de "Mourente" e "Terso, Corval e Leirados", no concello de Pontevedra. Superficies de afección: 240 m² e 3.472 m² respectivamente.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se fixan os aspectos preferentes na actividade da Xunta de Galicia para a defensa dos intereses do sector marítimo-pesqueiro galego de cara ao segundo semestre de 2011 e se establecen as orientacións de cara a dispor dos mecanismos e ferramentas que permitan a adecuada e correcta execución desta defensa.

INDUSTRIA, TRABALLO E EDUCACIÓN ENCARGARANSE DA EXPEDICIÓN DE CERTIFICADOS PARA COMERCIALIZAR E MANIPULAR GASES FLUORADOS

- ***O Consello aproba un decreto que procura un adecuado e racional exercicio das competencias sobre esta materia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto que regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, que se repartirán entre as consellerías de Industria, Traballo e Educación.

O decreto busca un adecuado e racional exercicio das competencias sobre a dita materia tendo en conta que en xuño do ano pasado publicouse o real decreto do Goberno central que regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan.

Tendo en conta que os gases fluorados teñen efecto invernadoiro e que Galicia conta coa competencia en materia de protección ambiental, é fundamental distribuír adecuadamente as competencias sobre a materia entre os distintos órganos da Administración galega. Precisamente, o decreto determina cales son os órganos competentes para emitir certificados de empresa e persoais para a manipulación de equipamentos de refrixeración, incendios, disolventes e alta tensión baseados nestes gases fluorados e de autorizacións para a distribucións de halóns.

Así, á Consellería de Economía e Industria corresponderalle a competencia para emitir certificados de empresa cos requisitos mínimos e as condicións de recoñecemento mutuo da certificación de empresas e o persoal no que se refire aos sistemas fixos de protección contra incendios e os extintores que conteñan determinados gases fluorados de efecto invernadoiro, así como ao relativo a equipamentos fixos de refrixeración, aire acondicionado e bombas de calor que conteñan estes gases. Tamén autorizará a distribución de halóns no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

Por outra banda, os órganos competentes para outorgar certificacións persoais serán a Consellería de Educación, cando se obteña como consecuencia dunha formación regrada; ou a de Traballo, se a certificación se obtén como consecuencia da obtención dun certificado de profesionalidade. Ambas deberán manter un rexistro actualizado dos certificados expedidos.

SANIDADE CREA O SISTEMA DE INFORMACIÓN DE PROFESIONAIS SANITARIOS DE GALICIA E REGULA O DESENVOLVEMENTO DOS REXISTROS PÚBLICOS DE PROFESIONAIS SANITARIOS

- ***A través deste documento, os colexios profesionais e os centros sanitarios disporán de rexistros en que consten os datos dos profesionais sanitarios dos seus respectivos ámbitos***
- ***Facilitarase aos pacientes acceso á información sobre os profesionais que os atenden, o que lles servirá de apoio para poder realizar a libre elección de médico de familia e pediatra***
- ***A través desta iniciativa, Galicia adiantase á directiva comunitaria neste ámbito, que entrará en vigor o próximo mes de outubro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, o decreto polo que se regula o contido dos rexistros públicos de profesionais sanitarios e do Sistema de Información de Profesionais Sanitarios de Galicia (SIPSG).

A través deste documento, os colexios profesionais e os centros sanitarios disporán de rexistros en que consten os datos dos profesionais sanitarios dos seus respectivos ámbitos. Ademais, con este decreto facilitarase aos pacientes o acceso á información sobre os profesionais que os atenden, xa que poderán coñecer os datos de titulación e especialidade de cada profesional sanitario, o que lles servirá de apoio para poder realizar a libre elección de médico de familia e pediatra.

O Sistema de Información de Profesionais Sanitarios de Galicia é unha ferramenta clave para consolidar as iniciativas que se veñen desenvolvendo pola Administración sanitaria galega dirixidas a aumentar a accesibilidade e capacidade de elección da cidadanía e a planificación de necesidades de profesionais para unha adecuada atención sanitaria na nosa comunidade.

A iniciativa implica, polo tanto, importantes vantaxes para a cidadanía, pero tamén para a propia Administración sanitaria, que disporá dunha información ordenada, sistemática e fiable referida ao número e distribución da totalidade dos profesionais sanitarios existentes na Comunidade Autónoma, co fin de promover políticas de avaliación e de planificación de necesidades de recursos humanos.

O texto normativo aprobado hoxe regula os rexistros públicos de profesionais sanitarios de titularidade dos colexios oficiais de médicos e de enfermaría; a creación do SIPSG, adscrito á Consellería de Sanidade; os mecanismos de colaboración entre os colexios e a Administración sanitaria para garantir a máxima eficacia na recompilación da información; os datos mínimos que se deberán rexistrar –

principalmente de identidade, acceso a formación, titulacións e especialidade e situación e exercicio profesional; e a posibilidade de consultar datos de carácter público polos cidadáns (titulación, especialidade, lugar de exercicio profesional, categoría profesional e función), respectando a confidencialidade dos datos persoais.

Así pois, por un lado, establécense os datos mínimos que deben constar nos rexistros coa finalidade de que actúen de forma sincronizada, e por outro, facilítase o acceso aos datos básicos dos profesionais sanitarios médicos, farmacéuticos, químicos, de enfermaría e psicoloxía.

A través desta iniciativa, Galicia adiántase á directiva comunitaria neste ámbito, que entrará en vigor o próximo mes de outubro.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL COA CATEGORÍA DE ZONA ARQUEOLÓXICA OS CASTROS DE NEIXÓN (BOIRO)

- *O ámbito que comprende a declaración une ao extraordinario valor patrimonial o singular interese paisaxístico da paraxe natural na que se localizan os xacementos do Castro Grande e o Castro Pequeno de Neixón*
- *A delimitación establece unha área de protección integral, que abrangue os dous castros, e un contorno de protección, que é o espazo físico cuxa alteración podería afectar negativamente os valores, estudo e contemplación da zona arqueolóxica*
- *O destacado interese histórico de Neixón vén determinado porque comprende dous dos asentamentos máis representativos da evolución do mundo castrexo desde o século IV a.C ao IV d.C.*

O Consello da Xunta declarou ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, a área dos castros de Neixón, no termo municipal de Boiro, na provincia da Coruña. A elección desta área, que inclúe o Castro Grande, o Castro Pequeno de Neixón e a paraxe natural en que se localizan, para a súa declaración como BIC, fundaméntase nos seus excepcionais valores patrimoniais e na súa singular beleza paisaxística, reunindo no conxunto valores históricos singulares, ambientais e culturais que fan de Neixón un conxunto sobranceiro e de características únicas.

A delimitación da zona arqueolóxica alcanza a dous ámbitos definidos: área de protección integral e contorno de protección. Deste xeito, a área de protección integral abrangue os dous xacementos castrexos, Castro Pequeno e Castro Grande e os espazos anexos inmediatos, coincidindo os seus límites cos da unidade fisiográfica da península de Neixón. Pola súa banda, o contorno de protección é o espazo que dá soporte ambiental á área de protección integral e constitúe un ámbito físico cuxa alteración podería afectar negativamente os seus valores, estudo e contemplación. Neste ámbito constátase e presúmese a existencia de materiais e/ou restos arqueolóxicos

A declaración de ben de interese cultural coa categoría de zona arqueolóxica abrangue a totalidade dos rexistros arqueolóxicos vinculados aos xacementos do Castro Grande e Castro Pequeno de Neixón, incluíndo os bens inmobles, mobles e as evidencias materiais de carácter arqueolóxico e paleoambientais existentes na superficie, subsolo e baixo as augas. O ámbito que comprende a declaración aprobada hoxe polo Consello da Xunta une ao extraordinario valor patrimonial dos castros de Neixón o singular interese paisaxístico da paraxe natural en que se localizan. Así mesmo, a situación dos xacementos sobre unha pequena península ao

fondo da ría de Arousa responde a un tipo de localización característica dos castros costeiros do noroeste.

O ámbito delimitado como contorno de protección engade ao conxunto arqueolóxico a paraxe natural á que está indisolublemente unido por constituír parte da súa paisaxe cultural, incorporando ademais un sector baixo as augas interiores. Ademais, este ámbito destaca polo seu excepcional valor ambiental, respondendo ao arquetipo da paisaxe rural costeira, que conserva excepcionalmente a parcelación tradicional e un pequeno bosque autóctono na ribeira da praia de Lóbrigo, engadíndolle valor patrimonial ao conxunto arquitectónico formado polo pazo, pombal e hórreo de Ribademar.

Valor patrimonial único

O carácter paradigmático dos dous xacementos, que abranguen cronoloxicamente e de xeito continuado a totalidade da cultura castrexa do noroeste peninsular, confírelle ao conxunto un valor patrimonial único. Ademais, pola cantidade e calidade da información arqueolóxica que proporcionaron no pasado e seguen a proporcionar na actualidade, estes xacementos constitúen un referente fundamental para o coñecemento da protohistoria de Galicia. O seu destacado interese histórico vén determinado porque esta área arqueolóxica comprende dous dos asentamentos castrexos máis representativos da evolución destas comunidades desde a transición Bronce Final-Ferro I ata a época tardorromana.

Na área máis próxima a terra, o Castro Grande de Neixón identifícase como un poboado cinguido por fosos e unha muralla perimetral, mentres que a 200 metros del, na punta da península, o Castro Pequeno de Neixón constitúe un asentamento máis antigo e de menores dimensións, tamén delimitado por unha muralla. Segundo diversas datacións, o Castro Pequeno de Neixón atópase entre os castros máis antigos de Galicia, cunha primeira fase de ocupación na transición Bronce Final-Primeira Idade do Ferro, presentando diferentes momentos de ocupación cun desenvolvemento pleno desde o século VI a.C. ata alcanzar o século IV a.C., momento en que as datacións indican que se está a construír o Castro Grande de Neixón, cuxa ocupación abrangue desde o século IV a.C. ata o IV d.C., xa na época tardorromana.


Estes xacementos achegan unha variada cultura material que destaca pola súa amplitude e calidade. O seu estudo segue a achegar datos fundamentais para o coñecemento da protohistoria de Galicia e Europa, en especial o seu material cerámico é referente fundamental na seriación tipolóxica da cerámica castrexa e a súa distribución territorial, localizándose en Neixón todos os tipos que definen a tradición oleira das Rías Baixas.

Os materiais cerámicos achados na zona arqueolóxica de Neixón permitiron documentar temperáns contactos comerciais (século VI a.C.) entre o mundo castrexo e entre os circuitos comerciais mediterráneos (íberos, púnicos) e os posteriores entre o mundo romano e as comunidades castrexas do noroeste ata a época tardorromana. Así mesmo os materiais metálicos (especialmente bronce) evidencian unha intensa actividade metalúrxica, que remite ao desenvolvemento desta actividade no noroeste e dentro do marco do circuíto atlántico europeo, adscribíndose os materiais atopados no Castro Pequeno de Neixón a unha ocupación do Ferro I (séculos VII-V a.C.).

A punta de Neixón constitúe un fito na historiografía galega, por canto foi un dos primeiros xacementos castrexos escavados, con anterioridade a 1925 por Manuel Otero e Roberto González, e posteriormente por membros do Seminario de Estudos Galegos, en concreto por Florentino López Cuevillas e Fermín Bouza Brey, constituíndo un referente ata a actualidade da arqueoloxía científica galega. A súa investigación desenvolveuse ata a actualidade por membros do Departamento de Arqueoloxía da Universidade de Santiago e do Centro Superior de Investigacións Científicas e actualmente continúa a achegar datos fundamentais para o coñecemento da protohistoria de Galicia e Europa.

Delimitación da zona

A delimitación da zona arqueolóxica de Neixón abrangue dous ámbitos: a área de protección integral e o contorno de protección.



A **área de protección integral** abrangue os dous xacementos castrexos, Castro Pequeno e Castro Grande e os espazos anexos inmediatos, coincidindo os seus límites cos da unidade fisiográfica da península de Neixón.

O punto A sitúase na entrada do predio do Pazo de Ribademar, (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.065,59m; Y: 4.723.708,46m), desde aquí continúa en dirección leste, pola marxe esquerda da estrada local que desde a EP-1104, atravesando Quinteiro, leva ao lugar de Neixón ata chegar á confluencia coa pista que desde Neixón leva a Nine, onde se localiza o punto B (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.793,51m; Y: 4.723.867,22m).

Desde o punto B atravesa en dirección leste a parcela 158 do polígono 736, pola cabeceira sur do campo de fútbol, ata o extremo do peirao de Pedra de Sar onde situamos o punto C (coordenadas Huso UTM-29; X: 513.125,36m; Y: 4.723.891,72m).

Desde o punto C bordea toda a zona costeira da península pola liña da baixa mar escorada ata o extremo leste da praia de San Vicente do Mar na súa confluencia coa pista que desde a EP-1104 leva ao lugar de Neixón, onde situamos o punto D (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.367,31m; Y: 4.723.748,19m).

Desde o punto D continúa bordeando a praia de San Vicente do mar, segue en dirección oeste ata chegar ao primeiro cruzamento entre a estrada que enlaza a EP-1104 con Neixón e a pista que atravesa Quinteiro, onde situamos o punto E (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.086,07m; Y: 4.723.686,81m).

Desde o punto E cruza a estrada que enlaza a EP-1104 con Neixón ata a entrada do predio do Pazo de Ribademar onde coincide co punto inicial A.

O **contorno de protección** é o espazo que dá soporte ambiental á área de protección integral; constitúe un ámbito físico cuxa alteración podería afectar negativamente os seus valores, estudo e contemplación. Neste ámbito constátase e presúmese a existencia de materiais e/ou restos arqueolóxicos.

O punto 1 sitúase na Punta de Areabaste de Quinteiro (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.198.56m; Y: 4.723.091,94m) desde aquí continúa cara ao oeste polo límite sur das parcelas 484, 504, 501, 542, e 541 ata o linde suroeste da parcela 560 do polígono 34 coa estrada provincial.

O punto 2 sitúase na confluencia da estrada provincial 1104 co linde suroeste da parcela 560 do polígono 34 (coordenadas Huso UTM-29; X: 511.994.65m; Y: 4.723.203,09m).

O punto 3 sitúase na confluencia da pista que conduce á praia de Lóbrigo coa EP-1104; a delimitación continúa pola marxe dereita desta estrada en dirección norleste ata chegar á desviación que conduce ao núcleo de Quinteiro, onde se sitúa o punto 4 (coordenadas Huso UTM-29; X: 511.986.78m; Y: 4.723.523.91m).

Desde o punto 4 continúa pola pista que conduce polo interior do lugar de Quinteiro ata o cruzamento entre a estrada que enlaza a EP-1104 con Neixón e a pista que atravesa Quinteiro, onde se localiza o punto 5 que coincide co punto E da delimitación da área arqueolóxica (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.086,07m; Y: 4.723.686,81m).

Desde o punto 5, cruzando a estrada, bordéase o predio do Pazo de Ribademar polo camiño que o limita polo oeste ata chegar á confluencia co chamado camiño de Ribademar, no cal se localiza o punto 6 (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.053,15m; Y: 4.723.782,24m).

Desde o punto 6, cruzando o camiño de Ribademar, segue na súa marxe norte, para continuar en dirección norleste ata as últimas casas de Ribademar e primeiras de Nine, no lindeiro leste da parcela 277 do polígono 736 onde se sitúa o punto 7 (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.504,52m; Y: 4.723.963,50m).

Desde o punto 7 atravesa a pista ata o linde norte da parcela 270 do polígono 736, continúa cara ao leste polo linde sur da parcela 235 h e b do polígono 736, para atravesar a parcela 235 g, enlazando co camiño de acceso á parcela, e, desde aquí, continuar cruzando a estrada que conduce de Nine a Neixón ata o extremo norleste do cruce onde situamos o punto 8 (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.714,08m; Y: 4.724.029,58m).

Desde este punto 8, pechando a península, séguese a dirección leste pola pequena depresión en que se encaixa a pista que conduce ao peirao de Pedra do Sar, prolongándose a liña delimitadora ata a costa, na liña da baixa mar escorada, onde se localiza o punto 9 (coordenadas Huso UTM-29; X: 512.752,81m; Y: 4.723.888,39m).

Desde o anterior punto o ámbito do contorno alcanza as augas interiores e o leito mariño sinalado no plano anexo (de aproximadamente 200m de largo, medidos desde a liña da baixa mar escorada cara ao exterior da ría (as liñas de base da ría).

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A ORGANIZACIÓN DO PARQUE ARQUEOLÓXICO DA ARTE RUPESTRE EN CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)

- ***Segundo o decreto aprobado esta mañá polo Consello da Xunta, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, exercerá a dirección do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre e ocuparase da xestión económico administrativa do centro***
- ***Do mesmo xeito, crearase un padroado como órgano consultivo de participación que contará coa presidencia de honra do presidente da Xunta de Galicia. Ademais, neste padroado estarán representados o Concello de Campo Lameiro e a Deputación Provincial de Pontevedra***
- ***O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre abrirá as súas portas oficialmente entre os meses de xullo e agosto. Desenvolvido ao abeiro da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico, converterase nun centro de referencia das actuacións de protección, documentación, investigación e presentación ao público dos petróglifos de Galicia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se regula a organización do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre en Campo Lameiro (Pontevedra) desenvolvido ao abeiro da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico (RGPA) e chamado a converterse en centro de referencia das actuacións de protección, documentación, investigación e presentación ao público dos petróglifos de Galicia. Segundo o decreto aprobado esta mañá polo Consello da Xunta, a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, exercerá a dirección e inspección do funcionamento do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre e ocuparase da xestión económico administrativa do centro. A dirección do centro englobará a coordinación e dirección de todas as actividades e a execución do plan xeral de actuación.

Do mesmo xeito, crearase un padroado como órgano consultivo de participación que contará coa presidencia de honra do presidente da Xunta de Galicia. Este padroado estará formado polo conselleiro de Cultura e Turismo en categoría de presidente, o director xeral do Patrimonio Cultural como vicepresidente e do secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo, a secretaria xeral para o Turismo, o director xeral de Sostibilidade e Paisaxe, o director xeral de Conservación da Natureza, o alcalde do Concello de Campo Lameiro, o presidente da Deputación Provincial de Pontevedra e o director do Parque Arqueolóxico como vogais natos. O padroado do Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre promoverá o cumprimento das súas funcións, impulsará o coñecemento do parque e da súa difusión entre o público e propondrá accións de promoción do parque, entre outras.

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre abrirá as súas portas oficialmente entre os meses de xullo e agosto, segundo o informe presentado pola Consellería de Cultura e Turismo ao Consello da Xunta o 5 de maio. O parque configúrase a partir da adición de dous recursos complementarios. Dunha banda, o Centro de Interpretación e Documentación, un equipamento cultural concibido como centro de referencia para a investigación e conservación dos nosos petróglifos, pero tamén como un espazo para o ocio intelixente. O segundo recurso é unha extraordinaria paisaxe cultural, de case 22 hectáreas de extensión, na cal é posible observar un conxunto extraordinario de petróglifos no contexto ambiental que lles dá sentido.

A execución do Centro de Interpretación e Documentación da Arte Rupestre e o acondicionamento da área arqueolóxica anexa foi financiada pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e polo Ministerio de Fomento con cargo ao 1% Cultural. A montaxe expositiva e os restantes investimentos foron realizados integramente pola Consellería de Cultura e Turismo. O investimento acadou os 10,6 millóns de euros, dos que a Xunta de Galicia achegou 7,2 millóns, o 68% do total.

Interpretación e investigación

Conceptualmente, a proposta arquitectónica para o Centro de Interpretación e Documentación concibe un edificio compacto, pétreo, configurado a partir dun volume principal alongado, de 108 x 16 metros, que voa sobre o camiño de acceso ao parque arqueolóxico. Construído en dúas plantas e de 3.500 m² de superficie, o centro dedica o primeiro andar ao espazo expositivo –estable e temporal- e incorpora tamén a tenda e a cafetaría. O segundo andar contará, ademais de coas dependencias vinculadas á administración do complexo, con espazos dedicados á investigación e documentación dos petróglifos de Galicia –biblioteca, arquivo, laboratorio, salas de guías e investigadores- e con ámbitos funcionais máis específicos –aulas e seminario-.

O proxecto expositivo concibido para o Centro de Interpretación e Documentación ten a súa orixe no desexo de xerar un equipamento expositivo moderno, intelectualmente suxerente e visualmente atractivo. A idea é xerar un discurso explicativo no cal o rigor científico conviva coa orixinalidade e a espectacularidade, no cal as ideas e emocións flúan de maneira didáctica e lúdica a través do emprego de diferentes niveis de lectura e de diferentes soportes expositivos.

TRABALLO CREA UN NOVO REXISTRO DE CENTROS DE FORMACIÓN QUE DISTINGUIRÁ AOS QUE OFREZAN CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- *A nova iniciativa do Goberno galego, que substitúe o rexistro regulado por un decreto autonómico do ano 2001, introduce diversas vantaxes e adáptase ás novas necesidades de formación*
- *O novo rexistro, que dá cumprimento a un dos acordos adoptados no seo do diálogo social, acreditará as entidades que impartan especialidades en que se obteñan certificados de profesionalidade e, no caso de que non a ofrezan, quedarán simplemente inscritas*
- *O prazo para que os centros estean incluídos no rexistro estará aberto todo o ano*
- *As entidades poderán anotarse para impartir toda a formación para o emprego, xa que ata a data só se prevía a homologación para a formación ocupacional*
- *A nova normativa obrigará a todos os centros a se dotar dos medios necesarios para facilitar a accesibilidade universal*
- *O Consello da Xunta informou hoxe favorablemente sobre o novo proxecto de decreto que regulará este procedemento*

A Consellería de Traballo e Benestar, en cumprimento ao acordo asinado o pasado 30 de xullo de 2010 no proceso do diálogo social, en materia de formación para o emprego, iniciou os trámites necesarios para poñer en marcha un novo Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego.

Trátase dunha iniciativa que se recollerá nun novo decreto e que derrogará o que existe na actualidade, que data do ano 2001 (Decreto 158/2001, do 29 de xuño). En concreto, o Consello da Xunta informou hoxe favorablemente sobre o novo proxecto de decreto que regulará o procedemento para a inscrición e, se é o caso, acreditación dos centros e entidades que impartan formación para o emprego en Galicia. Trátase de rexistrar aquelas entidades colaboradoras que imparten formación a través de subvencións da Xunta. Prevese que a nova normativa estea en marcha o próximo mes de xuño, unha vez que se publique no *Diario Oficial de Galicia*.

O novo rexistro introduce diversas melloras e adáptase ás necesidades de formación actuais. A primeira das vantaxes ten que ver co prazo de presentación de solicitudes para formar parte deste rexistro. Co novo decreto estará aberto durante todo o ano, fronte á normativa anterior na cal o prazo era aproximadamente de cinco meses. Co esta mellora dáse resposta ás demandas das entidades que imparten formación que levan tempo reivindicando que o prazo sexa máis amplo.

A iniciativa do Goberno galego distinguirán entre inscrición e acreditación, é dicir, terá en conta que a especialidade formativa para a que se solicita a entrada no rexistro

conduza ou non á obtención dun certificado de profesionalidade. Os centros ou entidades que ofrezan certificados de profesionalidade terán, polo tanto, unha acreditación específica.

Así, cando unha especialidade non teña certificado asociado, atoparase ante un procedemento ordinario de inscrición. No caso de que si se poida obter un certificado de profesionalidade, estarase ante un procedemento de acreditación, que exixirá que se cumpran os requisitos fixados na normativa reguladora dos certificados de profesionalidade, en prol de garantir as maiores exixencias de calidade, avaliación e control.

Ficheiro de especialidades formativas

A terceira das vantaxes que inclúe o novo rexistro é que posibilitará a inscrición ou acreditación para a impartición de toda a formación para o emprego. A anterior normativa só prevía a homologación para formación ocupacional. Así, a partir de agora, poderanse inscribir ou acreditar no rexistro todas as especialidades que figuran no ficheiro de especialidades formativas do Servizo Público de Emprego Estatal, tanto para a formación dirixida prioritariamente ás persoas desempregadas, como para a formación das persoas ocupadas.

Esta actuación está enmarcada na aposta do Goberno galego de levar a cabo unha formación certificable tamén para persoas ocupadas que, con posterioridade á entrada en vigor deste decreto, poderán como novidade optar aos certificados de profesionalidade de forma directa, sempre que os cursos se impartan por centros acreditados no novo rexistro e reúnan os requisitos exixidos pola normativa reguladora de certificados.

Así mesmo, co novo decreto as entidades e centros para formación para o emprego poderán inscribirse ou acreditarse para impartir formación nas modalidades de teleformación, a distancia ou mixta.

Esta iniciativa forma parte das actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para a implantación das novas tecnoloxías no ámbito da formación. Esta medida permitirá, por unha banda, conciliar a formación coa vida laboral e familiar e, por outra, achegar a formación a aqueles lugares da xeografía galega en que menos oferta formativa existe. Polo tanto, a actuación da Consellería de Traballo e Benestar permitirá que calquera persoa poida acceder á formación independentemente de onde resida. Estas modalidades de formación son especialmente importantes en Galicia, xa que é preciso lembrar que conta cunha das poboacións máis dispersas.

Por último, o Rexistro de Centros e Entidades de Formación para o Emprego obrigará a todas as entidades a se dotar dos medios necesarios para facilitar a accesibilidade universal, de maneira que non supoña unha discriminación para as persoas con discapacidade.

En data 31 de decembro de 2010 había en Galicia un total de 1.211 centros homologados. As entidades que xa están inscritas a través da anterior normativa non terán que facelo outra vez. Quedarán inscritos ou, se é o caso, acreditados no Rexistro de Centros e Entidades de Formación naquelas especialidades formativas nas que estivesen homologados. No caso de que non reúnan algúns dos requisitos exixidos polo novo decreto disporán dun prazo de dous anos para adaptar as súas instalacións ao novo decreto. Transcorrido este prazo sen adaptarse, causarán baixa automaticamente.

A XUNTA PON EN MARCHA UN PROGRAMA DE AXUDAS PARA SUBVENCIONAR O ACCESO Á INTERNET NO FOGAR A ARREDOR DE 8.200 FAMILIAS GALEGAS NO PERÍODO 2011-2012

- *A Administración investirá 1,4 millóns de euros na execución destas axudas*
- *Están dirixidas ás familias residentes en Galicia cunha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 euros*
- *Concederase unha única subvención por unidade familiar do 40% do custo da tarifa mensual de conexión durante un ano cunha contía máxima de 180€*
- *A alta de liña e unha cuota mensual será gratuítas para o cidadán*
- *Os posibles beneficiarios deberán contratar a conexión da internet cunha das operadoras de telecomunicacións acreditadas previamente pola Xunta de Galicia como entidades colaboradoras*

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, vai por en marcha un programa de axudas para que as familias galegas con menos recursos económicos poidan acceder á internet nos seus fogares.

A Administración autonómica destinará no período 2011-2012 un investimento de 1.470.460 para a execución destas axudas, das cales se poderán beneficiar arredor de 8.200, que por ter menos recursos non dispoñían de conexión á internet no fogar. Así se recolle nun acordo aprobado hoxe no Consello da Xunta.

Beneficiarios das axudas

Os beneficiarios destas axudas serán as familias residentes en Galicia, que teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 euros e que soliciten unha nova alta de acceso. Para poder acceder á subvención será condición obrigatoria que no domicilio non houbera contratada ningunha conexión á internet no momento de efectuar a solicitude nin polo menos nos tres meses anteriores á publicación da convocatoria de axudas.

Ademais, os posibles beneficiarios deberán contratar a conexión da internet cunha das operadoras de telecomunicacións acreditadas previamente pola Xunta de Galicia como entidades colaboradoras.

Importe e tramitación das axudas

O programa establece a concesión dunha única subvención por unidade familiar do 40% do custo da tarifa mensual de conexión á internet a partir do segundo mes de servizo e ata completar un ano, cunha contía máxima de 180 euros e condicionado á permanencia no servizo durante ese período. A alta de liña e o importe dunha cuota mensual será asumido pola entidade colaboradora.

As operadoras de telecomunicación, acreditadas previamente pola Xunta de Galicia como entidades colaboradoras, serán as encargadas da tramitación das axudas. Para iso, a Xunta porá á súa disposición unha plataforma telemática para garantir unha xestión totalmente electrónica das subvencións.

Superar a barreira económica

O elevado custo da conexión é a terceira causa aducida en Galicia para non contratar o servizo da internet no fogar. Este programa de axudas busca reducir as barreiras económicas de entrada ao uso da banda larga mediante apoios económicos de cara á contratación deste servizo para seguir axudando aos colectivos máis desfavorecidos e así garantir a igualdade de oportunidades no acceso á información.

Xunto coa eliminación da barreira económica a Xunta está a traballar na superación doutras dúas barreiras: a das infraestruturas de telecomunicación co Plan de Banda Larga co que xa se reduciu nun terzo a poboación sen acceso á internet na comunidade; e a da formación, coa posta a disposición da cidadanía de instrumentos para o acceso ás novas tecnoloxías como a Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica.

Estas medidas intégranse nas actuacións da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, a folla de ruta do Goberno galego en materia tecnolóxica para integrar as TIC na sociedade galega e eliminar a fenda dixital na comunidade.

A AXEGA COLABORA CON GAS NATURAL FENOSA E REPSOL PARA GARANTIR E MELLORAR A ATENCIÓN DE EMERXENCIAS E A PROTECCIÓN CIDADÁ

- ***A Axega asina dous acordos de colaboración para elaborar protocolos de actuación conxunta en materia de prevención e intervención de emerxencias***

O Consello da Xunta aprobou hoxe os acordos entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e o grupo Gas Natural Fenosa e o grupo Repsol Butano, que teñen como fin principal garantir e mellorar a atención de emerxencias e a protección cidadá na comunidade autónoma galega. Ademais, entre a Axega e Gas Natural Fenosa e Repsol Butano elaboraranse protocolos para a actuación conxunta en materia de prevención e intervención das emerxencias.

Un dos obxectivos principais destes dous acordos é o desenvolvemento conxunto de plans de actuación operativa co fin de prestar unha actuación inmediata, áxil e eficiente en termos de tempo e recursos dispoñibles na comunidade galega.

O centro de emerxencias CAE 112 Galicia e as empresas Gas Natural Fenosa e Repsol Butano acordaron establecer unha comunicación bilateral en relación coas incidencias que se poidan producir en instalacións conectadas ás súas redes de distribución e que exixan intervención de servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios e salvamento.

Co fin de mellorar a atención ás emerxencias, tamén intercambiarán información referente a cartografía, rede de infraestruturas, catálogo de recursos, previsións meteorolóxicas, entre outras, así como un catálogo de medios e recursos dispoñibles para a atención de incidencias, urxencias e emerxencias.

O CAE 112 terá información prioritaria e permanente durante a resolución de incidencias e emerxencias nas cales estean implicadas estas dúas empresas, e así poder exercer as súas funcións de coordinación con todos os organismos que interveñan na resolución da incidencia.

Gas Natural Fenosa e Repsol Butano colaborarán coa Axega, poñendo os medios humanos e materiais necesarios para solventar as incidencias que se produzan dentro do seu campo de actuación comunicando ao 112 estas actuacións. Ademais, as empresas poderán formar parte do operativo que se constitúa para facer fronte a este tipo de emerxencias.

Tanto a Axencia Galega de Emerxencias como Gas Natural Fenosa e Repsol Butano manterán comunicación recíproca durante as 24 horas os 7 días da semana.

XUNTA E ARQUITECTOS COLABORARÁN PARA FACILITAR A TRAMITACIÓN TELEMÁTICA DAS LICENZAS URBANÍSTICAS

- *O Goberno galego achega case 150.000 euros á sinatura dun convenio co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)*
- *Trátase dunha aposta innovadora no eido da administración electrónica a nivel estatal, que redundará no beneficio de todas as administracións e dos cidadáns*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á sinatura dun acordo entre a Consellería de Presidencia, a Secretaría Xeral de Modernización e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), que ten como obxectivo facilitar a tramitación e posterior outorgamento telemático das autorizacións de licenzas urbanísticas desde as Administracións galegas.

O convenio, que se enmarca dentro das accións definidas na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, ten por obxecto a realización de actuacións no ámbito das tecnoloxías da información en Galicia tendentes a posibilitar a solicitude, tramitación e posterior outorgamento telemático das licenzas e autorizacións de obra e urbanismo, así como normalizar e simplificar os procesos de validación e supervisión técnica necesarios para estas.

O Goberno galego financiará a totalidade das accións do convenio, que conta cun orzamento de 149.500 euros e que permitirá poñer en marcha un proxecto con beneficios para todas as administracións galegas e para a cidadanía, que será un exemplo de innovación no eido da administración electrónica a nivel estatal.

O traballo con documentos dixitais en vez de documentos en papel e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación para a cooperación e comunicación dos implicados no proceso son as características principais da solución proposta, o que permitirá un aforro de custos e tempos, ademais de mellorar o servizo á cidadanía.

O convenio de colaboración prevé, en definitiva, a implantación de novos procedementos que normalicen e simplifiquen os procesos de solicitude, tramitación e validación de proxectos e demais traballos profesionais visados, así como o desenvolvemento dunha pasarela telemática para o envío recepción dos proxectos de edificación, unha vez estean visadas polo Coag.

Pasarela telemática

Esta pasarela enmárcase dentro do proxecto da Xunta para o desenvolvemento da administración electrónica na Comunidade Autónoma galega para que, a posteriori, se

poida integrar en todos os procedementos de concesión de licenzas ou autorizacións administrativas relacionadas cos distintos actos de urbanización, edificación e usos do solo suxeitos a licenza urbanística previa.

Entre outros obxectivos, a iniciativa persegue a normalización da información e documentación dos proxectos de edificación, procedementos simplificados, normalizados e adaptados, a interoperabilidade entre as administracións públicas e o Colexio de Arquitectos, a implantación da tramitación telemática e fomentar a transparencia e a homoxeneidade nos procesos urbanísticos.

A maiores, o proxecto permitirá outros beneficios a medio prazo, como o impulso da eAdministración e da inteoperabilidade nas entidades locais galegas, a obtención automática de datos estatísticos sobre edificabilidade en Galicia, información xeorreferenciada dos edificios de Galicia e a posibilidade de estender esta solución a outros procesos urbanísticos.

MEDIO AMBIENTE PAVIMENTARÁ VARIAS RÚAS E IMPLANTARÁ UNHA NOVA REDE DE SANEAMENTO NO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

- ***A Xunta achega un total de 200.000 euros para levar a cabo este proxecto enmarcado no Plan Hurbe***
- ***Executarase a renovación da tubaxe de saneamento e instalaranse 28 pozos de rexistro para o correcto funcionamento do sistema, repoñendo todas as acometidas existentes***
- ***As obras tamén proxectan a colocación de reixas de sumidoiro para a captación de augas pluviais e condución á rede de saneamento, xa que no núcleo non existe rede separativa***
- ***Estas actuacións contribúen a mellorar a calidade de vida dos preto de 2.700 habitantes do Concello de San Cristovo de Cea***

O Consello da Xunta autoriza na súa reunión de hoxe un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de San Cristovo de Cea para a pavimentación de varias rúas e a implantación dunha nova rede de saneamento.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, realiza unha achega económica de 200.000 euros para levar a cabo estes proxectos de mellora enmarcados no Plan Hurbe.

O proxecto consiste na execución de obras en varias rúas do núcleo de Cea que na actualidade presentan graves problemas de deterioración, tanto do pavimento do formigón como da rede de saneamento. Unha vez realizadas as actuacións, solucionaranse os problemas de circulación de vehículos e incrementarase a seguridade dos peóns.

No que se refire ás actuacións hidráulicas, prevese a renovación da rede coa instalación de pozos de rexistro, sumidoiros e acometidas. Nas zonas obxecto destes traballos levarase a cabo unha pavimentación con formigón impreso.

As unidades principais de obra centraranse no levantamento do firme existente, actualmente en moi mal estado de conservación. Executarase a renovación da tubaxe de saneamento de formigón en masa por unha nova de PVC de 250 mm de diámetro. Instalaranse 28 pozos de rexistro de formigón en masa para o correcto funcionamento do sistema, repoñendo todas as acometidas existentes de saneamento.

As obras tamén proxectan a colocación de reixas de sumidoiro para a captación de augas pluviais e condución á rede de saneamento, xa que no núcleo non existe rede separativa.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante estes traballos, pretende mellorar e conservar espazos públicos, contribuíndo á súa revitalización e a mellorar a calidade de vida dos cidadáns, neste caso de preto de 2.700 habitantes do Concello de San Cristovo de Cea.

Plan Hurbe

O acondicionamento de espazos públicos en Cea está enmarcado no Plan Hurbe, proxecto da Consellería de Medio Ambiente aprobado polo Consello da Xunta o 15 de abril de 2010.

O Plan Hurbe significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, axeitando os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida. Trátase do primeiro plan global de mellora de espazos urbanos levado a cabo pola Xunta de Galicia.

Os obxectivos deste plan, que destinará máis de 96 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial, fixando poboación no medio rural.

MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 176.000 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE MOREIRAS, NO CONCELLO DE TOÉN

- *As obras que se levarán a cabo consistirán na renovación do pavimento existente así como das redes de abastecemento e rede de sumidoiros e a instalación de farois e bancos de madeira*
- *Estas obras de rehabilitación están enmarcadas no Plan Hurbe*
- *O fin fundamental deste proxecto é revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes, mellorando a súa calidade de vida*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe autoriza o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Toén, en Ourense, para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da praza de Moreiras. Medio Ambiente investirá 176.186 euros nestas obras, incluídas no Plan Hurbe.

As obras irán dirixidas á conservación do espazo público, de 687 metros cadrados, mediante actuacións de recuperación e revitalización do lugar. Neste caso, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Renovación das canalizacións dos servizos básicos (auga, saneamento) que se encontran obsoletas, e que, pola súa vez, se dotan de maior capacidade.
- Soterramento de outras canalizacións como a de iluminación pública, baixa tensión e de telefonía ao suprimirse os tendidos aéreos.
- Empédranse con lousas de granito os preto de 700 m² que ocupa a praza.
- Colocación de nova iluminación coa instalación de farolas de 3,50 m de altura, en perfil de aceiro.
- Colocación de mobiliario urbano, incluíndo bancos de madeira cos pés de fundición.

Plan Hurbe

O acondicionamento de espazos públicos no concello de Toén está enmarcado no Plan Hurbe, proxecto da Consellería de Medio Ambiente aprobado polo Consello da Xunta o 15 de abril de 2010. O fin fundamental deste plan é revitalizar espazos públicos para uso e gozo dos seus habitantes, mellorando a súa calidade de vida.

O Plan Hurbe significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, axeitando os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida. Trátase do primeiro plan global de mellora de espazos urbanos levado a cabo pola Xunta de Galicia.

Os obxectivos deste plan, que destinará máis de 96 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial, fixando poboación no medio rural.

Co Plan Hurbe investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

No programa de equipamentos públicos, a Xunta posibilitará a execución de infraestruturas urbanas, centrándose naquelas de carácter cultural e social tales como auditorios, pazos de congresos ou centros multiúsos.

No que se refire á humanización de rúas, potenciarase a mellora da calidade e a seguridade das rúas mediante unha actuación que persegue unha progresión na habitabilidade e un axeitado desenvolvemento comercial e económico. Adáptanse os espazos de tránsito para acadar unha reordenación axeitada dos tráfico rodado e peonil e devólveselle ás rúas a calidade de espazo de encontro e desfrute para os veciños.

A urbanización e mellora de espazos públicos céntrase na adecuación de prazas e outros contornos públicos nos cales se detecte unha necesidade de posta en valor. Terase especial coidado con aqueles espazos que teñan interese histórico, artístico ou arquitectónico.

MEDIO AMBIENTE INVISTE PRETO DE 3,5 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DE MELLORAS NA REDE DE COLECTORES DE GONDOMAR CO FIN DE EVITAR VERTEDURAS AOS RÍOS ZAMÁNS E MIÑOR

- *Con esta actuación tamén mellorará a clasificación da zona marisqueira do Esteiro do Miñor e a calidade das augas das praias de Baiona e Nigrán*
- *Instalaranse dous tanques de retención para evitar as verteduras aos devanditos ríos*
- *Substituirase o colector principal do núcleo de Vilaza ata a entrada da depuradora existente, con tubos de PVC de varios diámetros*
- *As actuacións tamén prevén a construción dunha senda de 1.061 metros de lonxitude de 3,5 metros de largo*
- *A poboación conectada á rede ascende a máis de 28.000 habitantes*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Gondomar para a execución da adecuación da rede de saneamento en Gondomar. Esta obra está prevista no Plan específico de infraestruturas para a mellora da calidade das augas das rías galegas, que ten por obxecto a mellora da clasificación das zonas marisqueiras das rías.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, inviste preto de 3,5 millóns de euros na execución destas obras hidráulicas no concello pontevedrés de Gondomar. O prazo de execución dos traballos establecidos é dun ano.

O presente proxecto comprende a execución das obras necesarias para modificar o trazado de parte da rede de colectores, deixando fóra de servizo os colectores que discorren polos leitos dos ríos Zamáns e Miñor. Instalaranse dous tanques de retención para evitar as verteduras aos devanditos ríos que se producen na actualidade, afectando as praias de Baiona e Nigrán e á zona marisqueira do esteiro do Miñor. Cabe citar que a poboación conectada á rede ascende a máis de 28.000 habitantes.

No que se refire a colectores, substituirase o colector principal do núcleo de Vilaza ata a entrada da depuradora existente, con tubos de PVC de varios diámetros. Partindo de Vilaza, o novo trazado, de diámetro 800 mm e lonxitude 2.109 metros, afastarase do río Zamáns ata a chegada ao primeiro tanque de retención proxectado. A partir deste punto o diámetro é de 630 mm nun treito de 970 metros, ata a chegada a un pozo de rexistro, onde se atopará co novo colector de 500 mm que chega desde Gondomar cunha lonxitude de 265 metros. Desde este punto de encontro, instalarase un colector de 445 metros pola marxe da estrada que une as

localidades de Tui e A Ramallosa (PO-340) ata a entrada á depuradora de Gondomar, cun cruzamento baixo ao río Miñor formigonando a tubaxe.

As actuacións tamén prevén a construción dunha senda de 1.061 metros de lonxitude de 3,5 metros de largo. Instalarase iluminación pública, seguindo o trazado do colector e servindo ademais de acceso aos predios afectados da zona.

En canto aos tanques de retención, o primeiro situarase preto de Vilaza, e é unha estrutura parcialmente soterrada de formigón armado con capacidade para 1.000 metros cúbicos.

O segundo tanque tamén se proxecta como unha estrutura soterrada de formigón con capacidade para 1.000 metros cúbicos. A súa cimentación require unha preparación previa do piso con pedraplén compactado de 1,5 metros de profundidade. Este tanque recibirá as augas dunha conexión coa rede existente mediante un pequeno treito de tubo, sendo preciso un bombeo para elevar as augas ao novo colector proxectado. Na canle de entrada instalaranse dúas reixas de desbaste en continuo con paso 40 mm e 10 mm para evitar atascos no bombeo. Esta infraestrutura inclúe un equipamento de desodorización por ozono instalado na zona seca, cos ventiladores correspondentes para un movemento permanente de aire e produción automática de ozono.

Para a optimización deste proxecto precísase un segundo bombeo en Mañufe para conectar as residuais da rede actual cos novos colectores. Esta conexión farase cun pequeno treito de tubo, cruzando o río Miñor ata o novo pozo de bombeo, proxectado en formigón armado.

A Consellería de Medio Ambiente, mediante a execución deste tipo de actuacións, pretende resolver carencias en infraestruturas dos concellos galegos. No caso de Gondomar, o proxecto ten como fin fundamental evitar as verteduras aos ríos Zamáns e Miñor, beneficiando as praias de Baiona e Nigrán e a zona marisqueira do esteiro do Miñor, que aumentará a súa produtividade e competitividade.

OS VECIÑOS DE SANTA MARÍA DE OIA CONTARÁN CUN NOVO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO NO CAL SE INVESTIRÁN MÁIS DE 357.000 EUROS E QUE TAMÉN DARÁ SERVIZO AO CENTRO DE SAÚDE E AO CAMPO DE FÚTBOL

- *A obra suporá reforzar abastecemento de auga no municipio, co obxectivo de mellorar a subministración á poboación*
- *O prazo de execución será de 12 meses e permitirá ofrecer servizo aos máis de 3.200 habitantes actuais e atenderá ao incremento demográfico que se está a producir nesta zona*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Oia, en Pontevedra, para construír un depósito de abastecemento neste concello e así reforzar a subministración de auga potable no municipio co obxectivo de mellorar o servizo.

O obxectivo fundamental consiste en solucionar os problemas de abastecemento que padecen os habitantes da zona, sobre todo na época estival, coa repercusión que isto conleva nunha zona onde o sector turístico é importante. Ademais, garantirase tamén a subministración ao novo centro de saúde e ao campo de fútbol municipal.

A Consellería de Medio Ambiente investirá máis de 357.000 euros neste proxecto, que se repartiran en dúas anualidades, e que permitirá ofrecer servizo aos máis de 3.200 habitantes actuais e aos futuros veciños, xa que esta zona está a experimentar un aumento demográfico debido á proximidade do concello de Vigo e á zona turística de Baiona.

Características técnicas

As obras proxectadas consisten na execución dun depósito de 250 metros cúbicos de capacidade no barrio da Riña, no núcleo de Santa María de Oia. O depósito situarase nunha parcela de titularidade municipal, nas proximidades dun pozo de barrena executado durante unhas obras de emerxencia levadas a cabo no verán de 2010.

A instalación disporá de dous vasos de 10,5x4 metros en planta, cada un, e 3,5 m de altura; con muros e lousa de formigón. A súa función será almacenar a auga proveniente do pozo de barrena, e eventualmente doutro pozo existente situado nas proximidades do campo de fútbol. Desde o depósito darase servizo ao novo centro de saúde e ao campo de fútbol mediante unha tubaxe que discorre por vías públicas.

Segundo marca o convenio aprobado polo Consello da Xunta, o Concello de Oia deberá aprobar o proxecto, solicitar ao organismo autonómico Augas de Galicia o financiamento do 100 % do custo das obras, e achegar os terreos necesarios para executar os traballos.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DESTINA 1,33 M€ A FINANCIAR A FORMACIÓN DE ESPECIALISTAS EN INTERNACIONALIZACIÓN CO BANCO INTERAMERICANO DE DESENVOLVEMENTO

- *O acordo facilitará a formación de mozos e mozas galegos nos ámbitos de organismos multilaterais e as licitacións internacionais*
- *O obxectivo do acordo entre o Igape e Novacaixagalicia é formar capital humano no eido da internacionalización para facilitar a proxección exterior de empresas galegas*

A Consellería de Economía e Industria destinará, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), partidas orzamentarias que suman 1,33 millóns de euros en catro anos para financiar un programa de formación de capital humano no ámbito da internacionalización e nas áreas de actuación do Banco Interamericano de Desenvolvemento (BID); o programa desenvolverase a partir dun convenio de colaboración entre o Igape e Novacaixagalicia que autorizou o Consello da Xunta e que ten como obxectivo formar mozos e mozas especialistas para facilitar a proxección exterior de empresas que aínda non exportan e procurar que as empresas que xa o fan incrementen a súa penetración nos mercados exteriores.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Igape e a Novacaixagalicia para facilitar o desenvolvemento dun programa de capacitación e formación de especialistas -mozos e mozas galegos- no marco do Banco Interamericano de Desenvolvemento, e a posterior posta a disposición do tecido produtivo galego destes recursos humanos altamente cualificados. Para tales efectos, NCG fará roldas de contactos laborais entre empresarios dos sectores nos que se especializaron os mozos e mozas galegas no BID e os especialistas formados neste organismo multilateral.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria impulsa, a través do Igape, a formación de capital especializado para facilitar a internacionalización das empresas nos ámbitos onde se desenvolve o Banco Interamericano de Desenvolvemento, relacionado cos organismos multilaterais e as licitacións internacionais, que constitúen un eido de especial interese para afondar na internacionalización do tecido empresarial galego.

O programa de capacitación e formación de especialistas en mercados multilaterais e de prestación de servizos relativos ás actividades de axuda ao desenvolvemento regularase con base no posterior convenio que asinará a caixa galega co Banco Interamericano de Desenvolvemento para a contratación, polo BID, de dúas quendas

de sete especialistas: 2011-2012 e 2013-2014. As contratacións serán inicialmente por 12 meses, coa posibilidade de prórroga por un máximo de 12 meses máis.

O programa dá resposta a unha das iniciativas aprobadas no marco dos acordos do diálogo social, onde se prevé dar apoio á internacionalización empresarial e atracción de investimentos e, máis en concreto, onde se fai referencia ao “Plan de apoio para a introdución da empresa galega nos organismos financeiros multilaterais”. Os acordos do diálogo social apostan de xeito explícito por un “convenio de colaboración con organismos multilaterais de desenvolvemento para a formación e capacitación de mozos e mozas galegos/as. En execución dos devanditos acordos, o Igape formaliza o convenio que autoriza agora o Consello da Xunta coa única caixa de aforros galega que dispón dunha acción social encadrada no obxecto antes indicado.

O Igape desenvolve cada ano o seu programa de bolseiros de promoción exterior, que está asociado á rede de plataformas empresariais no exterior; o novo programa de formación con NCG –orientado cara ao BID- está vinculado ao servizo de licitacións internacionais impulsado polo Igape e a CEG mediante o mesmo convenio das plataformas. Os beneficiarios destes dous programas de formación poden confluír con posterioridade na base de xestores de exportación que o Instituto dependente da Consellería de Economía e Industria pon á disposición das empresas galegas para acelerar o seu proceso de internacionalización.

Durante os dous últimos anos, a Consellería de Economía destinou, a través do Igape, 29,46 millóns de euros a impulsar a internacionalización das empresas galegas, o que supón un incremento orzamentario do 252% sobre o bienio 2007/2008, no cal a Xunta destinou 11,3 millóns a ese obxectivo estratéxico. O orzamento global do eixe de internacionalización do Igape para 2011, de case 20 millóns de euros, aumenta nun 10,57% sobre o do ano pasado, malia o actual escenario orzamentario restritivo.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ANTICIPA MÁIS DE 300.000 EUROS A ACLUNAGA E ASIME PARA AVANZAR NA IMPLANTACIÓN DO PIONEIRO SELO NAVAL NA INDUSTRIA AUXILIAR

- *Tanto Aclunaga como Asime, co apoio do Goberno da Xunta, fomentarán un plan de sensibilización que impulse a implantación e certificación de sistemas de xestión nas pemes da industria auxiliar, tal e como se recollía nos acordos alcanzados na mesa de diálogo social cos sindicatos e as empresas do sector*
- *Froito dos acordos do diálogo social, Galicia será a primeira comunidade autónoma española en poñer en marcha unha marca de garantía de calidade para o sector naval de Galicia para avanzar na estratexia marcada polo Goberno galego de facer do sector naval autóctono un sector aínda máis competitivo e prioritario para a economía de Galicia*
- *O selo naval para as empresas será unha marca de garantía de calidade rexistrada que acreditará ás firmas que traballen no sector cun certificado homologado por niveis en función do grao de certificación que poidan acreditar*

A Consellería de Economía e Industria anticipará o 80% do importe da subvención concedida de 400.000 euros, sen necesidade de garantías, a Aclunaga e Asime e recollida nun convenio de colaboración co departamento que dirixe Javier Guerra para avanzar no nivel de certificación de cara á próxima implantación dun pioneiro selo de calidade naval para as pemes da industria auxiliar do sector en Galicia.

Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que autorizou avanzar ás dúas entidades unha cantidade global de 320.000 euros para fomentar o plan de sensibilización que impulse a implantación e certificación de sistemas de xestión nas pemes da industria auxiliar baixo o paraugas do selo naval, tal e como se recollía nos acordos alcanzados na mesa de diálogo social cos sindicatos e as empresas do sector. Deste xeito, tanto Aclunaga como Asime poderán acometer as accións precisas para poñer en marcha este proxecto pioneiro en España, e evitar así os problemas derivados da falta de financiamento.

Froito dos acordos do diálogo social, Galicia será a primeira comunidade autónoma española en avanzar na mellora do nivel de calidade para poñer en marcha unha pioneira marca de garantía de calidade para o sector naval de Galicia e os seus traballadores co obxectivo de seguir na senda da estratexia marcada polo Goberno galego de facer do sector naval autóctono un sector aínda máis competitivo e prioritario para a economía de Galicia.

Nun exemplo máis de traballo man a man co sector naval e os axentes sociais, a Consellería de Economía e Industria apoiará o desenvolvemento pioneiro do selo naval

e tamén da futura credencial naval como un conxunto de accións encamiñadas a dotar a nosa industria dunha marca de garantía de calidade que situará ás máis de 1.000 empresas e aos 10.000 traballadores do sector no camiño da excelencia empresarial e cunha carta de presentación in mellorable cara aos armadores de todo o mundo.

O selo naval para as empresas será unha marca de garantía de calidade rexistrada que acreditará as firmas que traballen no sector cun certificado homologado por niveis en función do grao de certificación que poidan acreditar. Esta iniciativa vaise levar a cabo coa elaboración dun regulamento en forma de decreto que vai xestionar a marca, e da man do clúster do sector, Aclunaga, e de Asime, así como das organizacións sindicais, co apoio da Consellería de Economía e Industria, que impulsarán o desenvolvemento dun plan de sensibilización, divulgación, información e formación que, ademais das axudas, fomenta a implantación e certificación de sistemas de xestión integrados no sector.

ECONOMÍA E INDUSTRIA APORTA 2,4 MILLÓNS DE EUROS AO CONVENIO CON CEAGA PARA DESENVOLVER 7 ESTACIÓNS MULTIFUNCIONAIS DE ELECTROMOBILIDADE PIONEIRAS EN GALICIA

- *O desenvolvemento deste plan piloto que contempla tamén a compra de 28 vehículos eléctricos, a xestión da flota, a promoción do proxecto demostrativo, a análise e monitorización dos resultados e a coordinación e xestión do proxecto por parte de CEAGA*
- *Todas estas actuacións están encamiñadas a implantar un novo modelo de mobilidade en Galicia que convertan á nosa Comunidade Autónoma nunha rexión líder neste eido co obxectivo de alcanzar unha maior capacidade de desenvolvemento tecnolóxico e industrial*
- *O convenio permitirá manter e incrementar o nivel de actividade e competitividade do sector do automóbil galego, conseguindo ao mesmo tempo apostar por políticas enerxéticas máis eficientes*
- *Coa autorización deste convenio, a Xunta actuará dende tres puntos de vista fundamentais, como son o ambiental, promovendo a diminución de emisións contaminantes e o uso de enerxías renovables; o económico, fomentando a tecnoloxía innovadora en sectores estratéxicos como o enerxético e o do automóbil; e o social, mellorando as condicións de vida e salubridade en ambientes urbanos e incrementando o emprego cualificado*

O Consello da Xunta vén de autorizar á Consellería de Economía e Industria a sinatura dun convenio co Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA) para promover o desenvolvemento dun plan piloto de electromobilidade pioneiro en Galicia que consiste no desenvolvemento de 7 estacións multifuncionais de electromobilidade como primeira fase para implantar un novo modelo de mobilidade na nosa Comunidade Autónoma.

O departamento que dirixe Javier Guerra aportará 2,4 millóns de euros para o desenvolvemento deste plan piloto que contempla tamén a compra de 28 vehículos eléctricos, a xestión da flota, a promoción do proxecto demostrativo, a análise e monitorización dos resultados e a coordinación e xestión do proxecto por parte de CEAGA.

Todas estas actuacións están encamiñadas a implantar un novo modelo de mobilidade en Galicia que convertan á nosa Comunidade Autónoma nunha rexión líder neste eido co obxectivo de alcanzar unha maior capacidade de desenvolvemento tecnolóxico e industrial nos vehículos eléctricos dirixidas a manter e incrementar o nivel de actividade e competitividade do sector do automóbil galego, conseguindo ao mesmo tempo apostar por políticas enerxéticas máis eficientes.

Ademais, coa autorización da sinatura deste importante convenio fomentárase o impulso ao novo modelo de mobilidade en Galicia co apoio de accións que favorezan o desenvolvemento, coñecemento e implantación do vehículo eléctrico; o fomento de accións dirixidas a potenciar os proxectos de innovación e industrialización das actividades relacionadas co vehículo eléctrico, con especial atención aos procesos de I+D; o impulso e información sobre a regulación das infraestruturas de carga como elemento esencial para o desenvolvemento dos vehículos eléctricos; e o apoio á implantación dunha rede de infraestruturas de carga, con garantías técnicas de seguridade e regras de bo funcionamento, como factor clave para contribuír ao despegue do vehículo eléctrico como unha verdadeira alternativa de mobilidade.

Asemade, desenvolverase tamén o fomento do acceso dos cidadáns ao vehículo eléctrico que permita a implantación dunha economía de escala, a promoción do vehículo eléctrico dentro e fóra da Comunidade Autónoma, naqueles eventos nos que se considere relevante desenvolver políticas destas características, e o impulso as accións necesarias, no marco das políticas públicas e privadas, que se promovan para converter o vehículo eléctrico nunha alternativa real de mobilidade.

A necesidade de desenvolver un novo modelo de mobilidade é un dos retos que o actual Goberno da Xunta de Galicia abordou dende o primeiro momento, non só para reducir as repercusións negativas do sistema actual en beneficio dos seus cidadáns, senón tamén para atender ao cumprimento das directrices marcadas sobre esta materia no ámbito da Unión Europea. Entre outros atópase o triplo obxectivo "20-20-20", aprobado polo Parlamento Europeo en decembro de 2008, e que se basea en reducir para 2020, respecto aos niveis de 1990, un 20% o consumo de enerxía primaria da Unión Europea, reducir outro 20% as emisións de gases de efecto invernadoiro e elevar a contribución das enerxías renovables ao 20% do consumo.

É dicir, reducir as emisións de CO₂, diminuír a dependencia dos combustibles derivados do petróleo e promover a implantación dun modelo enerxético eficiente e respectuoso co medio ambiente, son liñas de actuación moi importantes para a Consellería de Economía e Industria e o Goberno da Xunta e que teñen una clara incidencia sobre a calidade de vida dos galegos e galegas.

Coa autorización deste convenio, a Xunta actuará dende tres puntos de vista fundamentais, como son o ambiental, promovendo a diminución de emisións contaminantes e o uso de enerxías renovables; o económico, fomentando a tecnoloxía innovadora en sectores estratéxicos como o enerxético e o do automóbil; e o social, mellorando as condicións de vida e salubridade en ambientes urbanos e incrementando o emprego cualificado.

Esta nova acción a prol da mobilidade eléctrica en Galicia, súmase ao pioneiro decreto polo que se regulan as infraestruturas de recarga dos vehículos eléctricos, e á constitución e posta en marcha da Mesa Galega de Electromobilidade, o que demostra a planificación do traballo para a definitiva implantación do vehículos eléctrico en Galicia, que lidera xa as accións encamiñadas ao seu desenvolvemento.

TRABALLO DESTINA 350.000 EUROS A FINANCIAR NAS SETE GRANDES CIDADES ACTIVIDADES PARA MÁIS DE 5.000 PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e COGAMI para o mantemento da federación e para a promoción de actividades dirixidas a persoas con discapacidade nas áreas urbanas de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración por un importe de 350.000 euros entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para o mantemento da federación e a promoción de actividades dirixidas a persoas con discapacidade nas áreas urbanas de Galicia. Ao abeiro destas actuacións, considérase que se beneficiarán unhas 5.000 persoas, ao igual que no pasado exercicio.

En concreto, trátase dun programa de información e asesoramento xunto cunha intervención social, a través das oficinas que COGAMI ten nas sete grandes cidades de Galicia, co fin de prestar servizos de apoio, asesoramento e intervención social ás persoas dependentes con discapacidade e ás súas familias desde una perspectiva global, integral e normalizadora, para mellorar a súa autonomía persoal, as súas condicións de vida e favorecer a integración social e laboral deste colectivo na sociedade galega.

Para a realización do programa, os 350.000 euros que achegará o departamento autonómico destinaranse a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para a realización das actividades. O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro deste ano.

Os obxectivos da iniciativa pasan por informar as persoas dependentes e as familias sobre os recursos existentes ou potenciais na comunidade, consolidar unha rede de información e asesoramento estable e que utilice as novas tecnoloxías, dar información e asesoramento especializado, ou promover actitudes sociais positivas cara á discapacidade.

Así mesmo, preténdese dar a coñecer a discapacidade desde a perspectiva da información, a prevención e a sensibilización; orientar e intervir para a superación de dificultades persoais e familiares; establecer un sistema de coordinación cos servizos sociais e colaborar con programa do respiro familiar.

Para isto desenvolveranse tres actuacións: información e asesoramento tanto aos afectados como a outras entidades; o programa de intervención social (con tres niveis de intervención: traballo coa persoa con discapacidade, coas familias e coa comunidade); e programa de respiro familiar, que ten como finalidade estimular a realización de actividades lúdicas e deportivas.

APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUN PROXECTO DE SERVIZO DE RADIODIFUSIÓN SOBRE MONTES VECIÑAIS EN PONTEVEDRA

- ***A Consellería do Medio Rural resolveu favorablemente a prevalencia da utilidade pública da conexión eléctrica para dar servizo a un centro de transformación de radio sobre terreos de dous montes veciñais en man común***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de media tensión aérea ao centro de transformación Radio Pontevedra sobre a que cualifica os montes veciñais en man común “Castro Senín” e “Castro Lampán” de titularidade das comunidades de Mourente (no primeiro caso) e de Terso, Corval e Leirados (no segundo), ambos no concello de Pontevedra.

O acordo de prevalencia comprende terreos dos devanditos montes veciñais en man común, cunhas superficies de afección de 240 m² no de “Castro Senín” e de 3.472 m² no de “Castro Lampán”.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural, no exercicio das súas competencias e á vista de toda a documentación do expediente, así como das pertinentes aclaracións que se foron facendo ao longo del, propuxo que se informase favorablemente esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

A XUNTA CREAMÁ DOUS GRUPOS DE TRABALLO PARA DEFENDER DE XEITO EFICAZ OS INTERESES DOS SECTORES PESQUEIRO, MARISQUEIRO E ACUÍCOLA EN EUROPA

- *Un dos grupos será o científico – técnico e achegará, a través de distintos estudos, argumentos de carácter ambiental e biolóxico*
- *O outro grupo é o de promoción, difusión e fomento, mediante o que executar -a modo de lobby- as accións precisas para fortalecer as posicións da Galicia pesqueira nestes eidos*
- *Algúns asuntos obxecto de defensa destes grupos son a proposta de Galicia ante a reforma da PPC, a adecuación de posibilidades de pesca ás capacidades e necesidades da frota e o impulso da actividade acuícola*

A Xunta creará no segundo semestre de 2011 dous grupos de traballo para defender de xeito eficaz os intereses dos sectores pesqueiro, marisqueiro e acuícola en Europa. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de acordo que fixa os aspectos prioritarios e intereses do sector galego así como os mecanismos que empregará a Consellería do Mar ante a Unión Europea para realizar a defensa destas propostas de xeito axeitado e correcto. Estes mecanismos consisten, principalmente, na creación dun grupo de traballo científico – técnico e noutro de promoción, difusión e fomento.

A través do grupo científico – técnico a Xunta achegará argumentos de carácter ambiental e biolóxico, así como tamén socioeconómicos. Farao, por unha banda, a través de estudos biolóxicos centrados en aspectos como a avaliación da evolución da pesca, a mellora de xestión do esforzo e a consideración das dinámicas das poboacións das especies estudadas. Por outra banda, mediante estudos socioeconómicos, determinaranse os efectos económicos e laborais directos e inducidos sobre o tecido económico da cadea mar – industria galegos, resultantes das decisións adoptadas ou propostas pola Unión Europea no seu ámbito administrativo ou normativo. A Xunta conformará este grupo ao abeiro do Comité Científico Galego de Pesca en conxunto co sector.

O grupo de promoción, difusión e fomento permitirá achegar de xeito eficaz e eficiente propostas relacionadas con estes eidos. Para iso, búscase que este grupo conte con profesionais vinculados ao sector e aos ámbitos administrativo e asociativo, coa intención de executar, a modo de *lobby*, as accións precisas e así fortalecer as posicións da Galicia pesqueira. Ademais, tamén busca contar coa dirección de persoas vinculadas ao marco decisorio europeo para axilizar as accións a adoptar e para realizar unha axeitada utilización dos medios e esforzos públicos e privados neste ámbito. Este grupo tamén contribuirá a dirixir as actuacións do grupo de traballo científico – técnico.

Así, os asuntos obxecto de defensa para estes grupos impulsados pola Xunta, tendo en conta as consideracións do sector, son, entre outros, a proposta de Galicia ante a reforma da Política Común de Pesca, a adecuación de posibilidades de pesca ás capacidades e necesidades da frota e a determinación dun marco hixiénico – sanitario que facilite un adecuado control e promova a comercialización dos produtos mariños de maneira segura. Tamén están entre os asuntos que defenderá a Xunta, a promoción e impulso da actividade acuícola como fonte de dinamismo social e económico, o establecemento dun marco comercial europeo homoxéneo e único e a promoción das condicións para desenvolver de xeito seguro a actividade marítimo – pesqueira no exterior.